



DECRETO 132/2013 DE REGULACIÓN DOS COMEDORES ESCOLARES

CURSO 2013/2014

(DOG N° 154 martes, 13 de agosto de 2013)

A aprobación deste Decreto instaure cambios na organización dos comedores escolares entre as cales destacan os referidos ao pagamento deste servizo complementario. O Decreto diferencia os seguintes tipos de usuarios:

1. USUARIOS GRATUÍTOS:

- 1.1. Alumnos pertencentes a **familias** que se atopan en **situación socioeconómica de exclusión social** certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais
- 1.2. Alumnos/as que se atopan en situación de **acollemento residencial ou familiar**
- 1.3. Alumnos/as cun grao de **minusvalidez** declarado **igual ou superior ao 33%**
- 1.4. Alumnos/as pertencentes a **unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero** acreditada documentalmente
- 1.5. Alumnos/as pertencentes a **unidades familiares cunha renda anual neta per cápita inferior a 7000 €.**

2. USUARIOS BENEFICIARIOS DE BONIFICACIÓNS: o uso do comedor dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos públicos:

- 2.1. **1 EURO POR DÍA DE USO DO SERVIZO** para os alumnos/as cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares con 1 ou 2 menores que cursen ensinanza básica e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,1 a 8.000 €.
Unidades familiares con 3 ou máis menores que cursen ensinanza básica e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €.

- 2.2. **2,50 EUROS POR DÍA DE USO DO SERVIZO** para os alumnos/as cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares con 1 ou 2 menores que cursen ensinanza básica e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000 €
--	--



2.3. 4,50 EUROS POR DÍA DE USO DO SERVIZO para os alumnos/as cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares con 1 ou 2 menores que cursen ensinanza básica e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €.
--	--

CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR (a 31 de decembro de 2012):

En caso de matrimonio non separado legalmente, a integrada por:

- Os cónxuxes
- Fillos menores
- Fillos solteiros menores de 25 e maiores incapacitados xudicialmente

En ausencia de matrimonio ou separados legalmente, a integrada por:

- Pai ou nai
- Fillos que convivan cun ou con outro e reúnan os requisitos mencionados no apartado anterior.


OBTENCIÓN DA RENDA ANUAL NETA FAMILIAR¹:

A renda anual neta familiar será a **suma das rendas do exercicio 2012** de cada un dos **membros** computables que obteñan **ingresos** de calquera natureza. Se algún dos membros da unidade familiar **non** presenta **declaración anual do IRPF**, a renda será o importe que resulte dos datos do borrador do IRPF. A renda familiar será o resultado de facer as seguintes operacións:

$$\frac{\text{recadro 455} + \text{recadro 451} + \text{recadro 453} + 465 + \text{recadro 460} - \text{recadro 458} - \text{recadro 741}}{\text{n}^\circ \text{ membros unidade familiar (definida ésta no apartado anterior)}}$$

PAGAMENTO MENSUAL:

O pagamento producirase entre o **1 e o 20 do mes seguinte** ao da prestación do servizo nas entidades bancarias autorizadas mediante **impresos** que se recollerán durante os **5 primeiros días** de cada mes.



Os impagamentos correspondentes a cada mes impedirán a utilización do comedor nos meses seguintes, mentres non se proceda ao oportuno pagamento.

ⁱ A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude. A tal fin deberán asinar o anexo I e indicar o seu NIF/NIE.